

ct

# Onde veñen morrer as baleas

de  
Ernesto Is

*(fragmento en gallego)*

## DERIVA

## — SEGUNDA PARTE —

*Moi preto da costa. Xusto antes do amencer.  
A nena da pel azul está asustada e ten frío.*

## BONECO

Os mariñeiros facíanos.

Gravaban nos remos ou no casco da embarcación o RISCO DE SALOMÓN para protexerse.

Eu que sei quen carallo foi Salomón! Imaxino que alguén moi importante.

Un peixe gordo ese Salomón. Do contrario, ninguén lembrárase del poñéndolle o seu nome a unha estrela de seis puntas.

Tamén nas vilas.

Non sei por que facían iso, só cho conto.

Eu vino, si. Vino con estes ollos de madeira.

Hai un lugar, na costa sur da miña terra, de Galicia, no que aínda atopas este tipo de marcas no limiar das casas, nalgúns obxectos e mesmo nos muros das igrexas.

É a fala da xente do mar. Si, o seu *salvavidas*.

Con dous ou tres liñas describen aquilo que non é posíbel dicir co corpo ou coa voz.

Quizais esta sexa a mellor forma de comunicación xamais inventada: unhas liñas delgadas que aturen o peso de todas as palabras existentes e das que aínda están por nacer. Porque falar a vida é como camiñar pola táboa, cos tiburóns agardando embaixo.

Pronto amencerá. Sempre acaba por amencer.

Non sei canto tempo queda. Non sei onde estamos. Non podo ver nada.

Diante de nós, só esta escuridade; mesta e dura. Unha escuridade que amasa árbores con pedras, persoas con animais, ceo con mar.

Ti podes ver algo?

Nalgunhas vilas costeiras pintan as fachadas das casas con cores vivas. Píntanas para os días onde cae a cegoña. Para que os mariñeiros atopen o camiño de volta a casa...

Que? Non teño morriña. A morriña non existe. Tan só é un estado físico cunha base científica.

Verás, Galicia está atestada de granito no seu subsolo e o granito desprende radon. Cando os galegos marchamos, os nosos corpos, sofren esta falta. É un síndrome de abstinencia a estúpida morriña! Si, somos toxicómanos da nosa terra. O único antídoto que cura esa doenza son os grelos.

Vou tolear... Si, aínda máis!

Que pasa? Que hai de malo na loucura?

Non teñas medo. A tolemia é algo normal de onde eu veño.

Normal e natural.

Coñézoos.

Aos tolos e ás tolas da miña terra. A cada un deles.

Homes e mulleres que atoparon na brétema da razón unha vía de escape desta realidade.

Cres que son malos? Cres que non está ben falar deles?

Nós facémolles estatuas. Nas alamedas, nas prazas maiores, nas rúas principais... Estatuas moito máis humildes que as dos futbolistas.

Non queremos esquecelos.  
Fóra do noso territorio tamén. Tamén lles recordan.  
En Cuba. En Arxentina. En México. En Madagascar.  
Somos moitos os galegos tolos.  
Pronto o mundo vaise quedar pequeno para albergar tanta homenaxe á loucura.  
Á nosa loucura e á dos demais.

Shhh... Escoita!

As gaivotas. Podo ouvilas.

Xa estamos preto da costa.

É amargo.

O chiar dunha gaivota en metade da noite.

Amargo.

O vento nocturno arrastra moitas saudades, pero ningunha tan terríbel coma as gargalladas das aves do mar. É unha punzada directa ao corazón.

Claro que teño corazón! Sempre o tiveren! De madeira, pero corazón á fin e ao cabo.

Antes de morrer, o meu pai volveuse tolo.

Con máis de setenta anos botouse ao mar nun bote afuracado para buscarme.

Non chegou moi lonxe, claro. Os gardacostas atopárono ao bordo da morte, asustado. O seu corpo estaba violeta da hipotermia. Tan só era capaz de murmurar unha e outra vez as mesmas palabras:

DOVE SEI, FIGLIO MIO...? NELLO STOMACO DELLA BALENA...?

Internárono nun centro da terceira idade. Un deses sitios onde as persoas sobrevívense a si mesmas como poden.

Chamáronme e funo visitar por última vez. Tampouco me recoñeceu.

Daquela pensou que eu era un monicreque. Tentou tirarme dos fíos invisíbeis un par de veces, pero non aconteceu nada, así que o vello deixoume en paz e volveuse perder na bruma que aniñaba na súa cabeza.

Antes de irme, colleume polas mans e ollou para min fixamente. Pupila fronte a pupila puideren ver, despois de tanto tempo, o brillo do coral turquesa descansando nas profundidades dos seus ollos.

Tiñan a mesma estraña beleza que os corpos das baleas consumíndose sobre a area.

Cando separei as nosas mans, decateime que me dera unha cegoña de papel.

Estás chorando?

Non o fagas. Só quería contarche esta historia, a última historia do meu pai.

Ao final, el descansou. E eu tamén, para que mentir.

Non lle gardo rancor.

Pola súa ausencia? Por non telo ao meu carón?

El quería e recordábame ao seu xeito.

Co tempo decateime de que a súa tolemia, o intento por atoparme no mar, foi o primeiro e derradeiro acto de amor para comigo.

Así son os pais: kamikazes das emocións máis irracionais.